



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o tramo final do pasado mandato, dentro do programa de rexeneración Urbana Norte Santiago que conta con financiamento europeo, aprobouse o proxecto e adxudicáronse as obras para a renovación da Avenida Quiroga Palacios, desde a Avenida de Lugo ata a rúa de Belvís, nas proximidades do Seminario Menor.

Unhas obras, rematadas recentemente, nas que se investiron preto de 550.000 euros, que supuxeron unha mellora substancial para unha rúa que presentaba múltiples deficiencias no estado do pavimento, nas beirarrúas, na limitación de pasos de peóns e na ausencia de elementos de protección en todo o seu trazado.

Ademais das importantes melloras no firme da calzada, nas beirarrúas, nos diferentes servizos e na accesibilidade, levouse a cabo unha clara mellora ambiental, ao conservar árbores e plantar novos exemplares ornamentais a ambos lados da calzada, para o que se ampliaron os alcorques existentes e se crearon outros novos.

Con todo, a positiva transformación desta rúa presenta unha eiva moi evidente que, malia a súa doada solución, acaba por deslucir o resultado final. Trátase da falta de remate dos alcorques, que presentan unha diferenza de nivel e terra en toda a súa superficie, permitindo a acumulación de auga nos días de choiva, a creación de lama e mesmo de rodeiras, cando algún vehículo invade –como temos comprobado– este terreo. Unha situación que provoca moitas queixas entre a veciñanza molesta coa sucidade que esta circunstancia provoca no novo pavimento.

Por todo o dito e para mellorar o aspecto e a funcionalidade desta obra, o Grupo Popular presenta o seguinte Rogo:

***Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se dean as instrucións precisas para dotar aos alcorques da rúa Quiroga Palacios dunha cubrición de grava ou material drenante similar que, garantindo a capacidade hidrante para o rego e o crecemento das árbores, axude a mellorar a actuación de humanización realizada.***

Santiago de Compostela, a 8 de marzo de 2016.



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela